

Á ATENCIÓN DO PLENO DO EXMO. CONCELLO DE O CARBALLIÑO

ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL DO CARBALLIÑO ANO 2021

D. Manuel Nogueira Pérez,

a efectos de notificación, como voceiro do Círculo de Podemos no Carballiño ao pleno do Concello de O Carballiño se dirixe en relación coa aprobación inicial do proxecto de orzamento municipal do ano 2021 realizada na sesión ordinaria do día 25/02/2021, ten a ben

EXPOÑER

PRIMEIRO.- Que o citado acordo de aprobación inicial do expediente do orzamento xeral municipal foi publicado no BOP da Provincia de Ourense N° 51 con data de 4 de marzo de 2021, dando un prazo de exposición pública e de presentación de alegacións de quince días hábiles a contar, según reza a propia publicación, dende o día seguinte á inserción no citado Boletín e en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 20.1 do R.D. 500/90.

SEGUNDO.- Que en base ao estipulado no artigo 170.1 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, quen subscribe se atopa lexitimado para a interposición das presentes alegacións, todas elas realizadas en base ao estipulado no artigo 170. 2 do citado Real Decreto, e que se expresa nos seguintes termos.

E polo dito presento as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Coa declaración do estado de alarma, aprobáronse a ano pasado os Reais Decreto-leis 8/2020 (A LEI 3655/2020) e 11/2020 (A LEI 4471/2020), adoptando unha serie

de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 que permitían destinar parte do superávit orzamentario das Entidades Locais correspondente ao ano 2019 a financiar gastos sociais relacionados co COVID 19. O importe que poderá destinar cada Entidade Local ao gasto social será, como máximo, equivalente ao 20% do saldo dispoñible para investimentos financeiramente sostibles.

Esta medida se veu implementada coa aprobación do Real Decreto-lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais e posteriormente coa decisión tomada polo Ministerio de Facenda o 14 de setembro de suspender a regra de gasto para que as entidades locais puidesen usar integramente o seu superávit.

En base ao exposto, solicito que se destine parte do superávit (remanente de tesourería) dos anos 2018, 2019 e 2020 para a financiación de gastos de inversión na área de servizos sociais e de promocións social.

Ditas actuacións incluírán axudas para familias, traballadores e traballadoras autónomas e empresas con residencia ou/e sede social no concello do Carballiño.

Con carácter especial, e como recolle o R.D.-Lei 8/2020, modificado polo R.D. Lei 11/2020, modificado polo R.D.-Lei 23/2020 e este á súa vez polo R.D.-Lei 27/2021 incluíranse as prestacións tamén sinaladas no punto 2 do artigo 1 de dito R.D.-Lei:

“a) Reforzar los servicios de proximidad de carácter domiciliario para garantizar los cuidados, el apoyo, la vinculación al entorno, la seguridad y la alimentación, especialmente los dirigidos a personas mayores, con discapacidad o en situación de dependencia, compensando así el cierre de comedores, centros de día, centros ocupacionales y otros servicios similares, considerando el mayor riesgo que asumen estas personas en caso de contagio. Estos servicios comprenden la ayuda a domicilio en todas sus modalidades y cualquier otro de análoga naturaleza que se preste en el domicilio de la persona usuaria.

b) Incrementar y reforzar el funcionamiento de los dispositivos de teleasistencia domiciliaria de manera que incrementen el ritmo de contactos de verificación y la vigilancia de la población beneficiaria de dicho servicio.

c) Trasladar al ámbito domiciliario, cuando sea considerado necesario, los servicios de rehabilitación, terapia ocupacional, servicios de higiene, y otros similares, considerando la suspensión de atención diurna en centros.

d) Reforzar los dispositivos de atención a personas sin hogar, con el personal y medios materiales adecuados, asegurando que tanto ellas como quienes las atienden estén debidamente protegidas, y posibilitar la ampliación, tanto en el tiempo de estancia como en intensidad, de los mismos.

e) Reforzar las plantillas de centros de Servicios Sociales y centros residenciales en caso de que sea necesario realizar sustituciones por prevención, por contagio o por prestación de nuevos servicios o sobrecarga de la plantilla.

f) Adquisición de medios de prevención (EPI).

g) Ampliar la dotación de las partidas destinadas a garantizar ingresos suficientes a las familias, para asegurar la cobertura de sus necesidades básicas, ya sean estas de urgencia o de inserción.

h) Reforzar, con servicios y dispositivos adecuados, los servicios de respiro a personas cuidadoras y las medidas de conciliación para aquellas familias (especialmente monomarentales y monoparentales) que cuenten con bajos ingresos y necesiten acudir a su centro de trabajo o salir de su domicilio por razones justificadas y/o urgentes.

i) Otras medidas que las Comunidades Autónomas, en colaboración con los Servicios Sociales de las entidades locales, consideren imprescindibles y urgentes para atender a personas especialmente vulnerables con motivo de esta crisis, y sean debidamente justificadas.”

Tendo en conta que o estado do Remanente de Tesourería presentado no expediente presenta un saldo de dudoso cobro de 3.167.368,38 E €, solicito que o Remanente de Tesourería para gastos xerais (I+II+III) real se destine ao anteriormente exposto a cantidade de 1.000.000€ dos 4.048.034,73 € dispoñibles de dito remanente.

SEGUNDA.- Solicito incremento das dotacións orzamentarias iniciais, independentemente das modificacións que se fagan posteriormente, nas seguintes áreas:

GRUPO DE PROGRAMA	PROGRAMA	SUBPROGRAMA		CONTÍA INICIAL	CONTÍA FINAL
231	13	480,00	EMERXENCIA SOCIAL	30.000	100.000
231	13	480,05	SUBVENCIÓN DIRECTA “ASDIFICA”	3.000	6.000
135	11	221,99	SUMINISTROS VARIOS PROTECCIÓN CIVIL	3.000	6.000
135	11	224,01	PRIMAS SEGUROS VOLUNTARIOS	2.500	4.000
241	11	227,06	PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO	4.500	15.000
241	11	227,99	ACTUACIÓN S PARA O FOMENTO DE EMPREGO	6.000	10.000

326	00	480,01	AXUDA ESCOLAR	5.000	25.000
431	20	480,00	SUBVENCIÓN DIRECTA PRAZA DE ABASTOS	5.000	20.000
431	40	227,09	INICIATIVAS DINAMIZACIÓN COMERCIAL	6.320	30.000
431	40	479,00	SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PRIVADAS	0,00	30.000

TERCEIRA.- Estudar e desenrolar no Concello de O Carballiño un servizo municipal de URXENCIA SOCIAL motivado pola situación do COVID-19 para dar atención permanente e inmediata a persoas en situación de emerxencia social sobrevidas pola actual situación de alarma social (DOTACIÓN A CARGO DO REMANENTE DE TESOURERÍA).
Desenrolar actividades como detección e diagnose das problemáticas, acollida, desprazamentos, plans de intervención, información e/ou orientación, derivación e traballo conxunto con outras entidades públicas e privadas.

	DOTACIÓN INICIAL	DOTACIÓN FINAL
SERVIZO MUNICIPAL URXENCIA SOCIAL COVID-19	0	96.320

CUARTA.- Manter e incrementar a partida presupuestaria 24100- 47900 SUBVENCIÓNS AUTÓNOMOS E PEMES a 1.500.000 €, no modo de axudas de concorrencia non competitiva e cunhas bases que permitan acceder a ditas axudas a todas as persoas que desenvolvan ou desenvolvesen a súa actividade laboral no concello de O Carballiño.

QUINTA.- Para que os incrementos solicitados non rompan a estrutura establecida pola Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, e a aprobación final dos mesmos se realice dentro do marco de estabilidade orzamentaria de acordo aos principios derivados do Pacto de Estabilidade e Crecemento, incluídos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira rexida polos principios de pluralidade, transparencia, eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, responsabilidade e de lealdade institucional, propoño a rebaixa nas contías asignadas dos seguintes puntos:

GRUPO DE PROGRAMA	PROGRAMA	SUBPROGRAMA		CONTÍA INICIAL	CONTÍA FINAL
132	11	151,00	GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS	32.000	25.000
160	11	611,02	REPOSICIÓN DE VÍAS PÚBLICAS URBANAS	86,670,54	26,670,54
163	11	143,00	OUTRO PERSOAL	109.529,49	29.529,49
334	12	204,00	ALUGER MATERIAL ILUM. SON E OUTROS	30.000	15.000
334	12	227,06	ACTUACIÓNS E ESPECTÁCULOS	39.000	20.000
338	11	480,01	COMISIÓN FESTAS PATRONAIS	33.000	20.000
432	12	227,99	FESTEXOS POPULARES	92.103,11	52.103,11
912	11	226,01	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	10.000	5.000
912	11	226,02	DIFUSIÓNS INFORMATIVAS	60.300	22.300

SEXTA.- No informe de intervención omítense algunha lexislación que é aplicable a estes orzamentos presentados xa que en estas normas se imponen condicións e esixencias a certos gastos, ingresos e/ou procesos a seguir no Concello e moi especialmente no proceso orzamentario. Entre as mesmas e a título de exemplo se citan:

Real Decreto 861/ 1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime de Retribución dos funcionarios da Administración Local;

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia;

Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de aguas de Galicia;

Pídese por tanto que se inclua,, non só a súa referencia na normativa aplicable, senón tamén a través do desenrolo orzamentario se garden e se fagan cumprir os seus preceptos.

SÉTIMA.- Non hai en todo o expediente do orzamento unha mínima xustificación de todos os ingresos, ou cando menos dos máis significativos pola súa importancia económica, que non estén sometidos a un padrón. Co cal non hai ningunha xustificación da súa racionalidade dos ingresos do capítulo IV, de transferencias correntes. Vulnérase así o artigo 168.1.e do R.D. Lexislativo 2/2004 que esixe que se dean as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, que non aparece en ningún documento ou informe que acompañan ao orzamento.

OITAVA.- No orzamento do gasto resumen por capítulos, no capítulo VI, inversións reais destínanse 352.822,43 €. No anexo de investimento detállase cada partida, e é totalmente insuficiente a dotación de dito capítulo para poder acometer ditas inversións, iso sin contar a insuficiencia de plantilla en algunhas brigadas, temendo que todo isto se teña que facer de xeito privatizado, co conseguinte encarecemento de ditas obras e a necesaria ampliación de crédito posterior que o concello terá que levar a cabo.

NOVENA.- No documento Orzamento 2021 (ao igual que no documento do orzamento do ano 2020) capítulo I funcionarios-laborais-RPT, se aprecia que os niveis dos postos de traballo que se asignan ao persoal funcionario varían entre o nivel 14 de un subalterno/a notificador/a e o nivel 30 asignado aos funcionarios habilitados estatais.

Analizados estes niveis vese unha descoordinación entre o establecido nas normas estatais onde se fixan os importes para os diferentes niveis e diferentes conceptos retributivos. Según os niveis aprobados en sesión plenaria, os postos de intervención e secretaría están equiparados (o de tesourería non), a título de exemplo, ao mesmo que un Director Xeral da Administración Xeral do Estado.

O resultado de esta comparación fai pensar que os niveis retribuídos están asignados con un criterio claramente especulativo, realizados cunha falta total de obxectividade e dende logo, con unha falta total de equidade co resto de persoal funcionario público xa que estarían asignados niveis máis altos en este Concello que a outros funcionarios en outras administracións con máis responsabilidade, tanto no posto como no desempeño.

Pido se revisen os niveis asignados ao persoal funcionario.

DÉCIMA.- De forma xeral, nos distintos niveis dos distintos grupos en relación ao complemento específico se pode constatar un presunto incumprimento do estipulado no artigo 7 do R.D: 861/1986, que fixa os límites para este complemento.

UNDÉCIMA.- En toda a documentación do expediente dispoñible ao público non se define en ningún anexo a masa salarial dispoñible para a asignación do complemento específico, o que supón unha vulneración do artigo 4 do R.D. anteriormente citado nos seus apartados 2 e 4. Débese especificar no proxecto de orzamento cal é o montante de esta masa retributiva.

Remarcar que a norma nos di que o montante económico do complemento específico se limita ao 75% do montante retributivo global.

DÉCIMOSEGUNDA.- Como ven sendo habitual en este Concello, todos os ingresos con orixe nos censos fiscais, tales como os impostos directos, considéranse na súa totalidade, sin ter en conta despois que unha parte nada desprezable, deveñen en ingresos imposibles ou de dubidoso cobro. Basta ver o informe do Remanente de Tesourería ou os dereitos pendentes de cobro do 2019 e do 2020.

Sin ter que facer unha estimación plurianual dos orzamentos do Concello de O Carballiño, pódese dicir que sistematicamente sempre quedan saldos que finalmente terminarán en perdas do exercicio correspondiente. Claro está, despois de producir un déficit orzamentario.

Tendo en conta a perspectiva do anteriormente relatado, o racional e lóxico é que cautelarmente na previsión dos ingresos, según os censos, unha porcentaxe dos mesmos, por cautela económica se viran minoradas as partidas orzamentarias correspondentes. A porcentaxe a aplicar en esta minoración debería estar determinada pola área de intervención municipal según o historial dos últimos exercicios.

Por todo o anterior exposto e alegado, a este Pleno da Corporación Municipal de O Carballiño

SOLICITO

Que se teñan por presentadas en tempo e forma as presentes alegacións contra a aprobación inicial do proxecto de orzamento xeral do Concello de O Carballiño do exercicio 2021, realizada na sesión plenaria ordinaria celebrada o pasado 25 de febreiro de 2021, e como tal sexan discutidas e en mérito aos razoamentos e motivacións que se expoñan, aceptadas e por tanto solicito de forma expresa que o proxecto de orzamento para o exercicio 2021 e que obra no expediente, se incorporen as alegacións aquí presentadas co obxectivo de que este orzamento sexa sometido aos principios e requisitos orzamentarios establecidos na lexislación vixente.

E para que así conste, en O Carballiño a 25 de marzo de 2021
Manuel Nogueira Pérez

Fdo _____ -